

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 15 de xullo de 2003 pola que se autoriza a apertura e funcionamento do centro privado Forhermo de Santiago de Compostela (A Coruña), para impartilo ciclo formativo de grao medio de perruquería.

Examinado o expediente presentado por Manuela Hermo Patiño, no que solicita autorización para a apertura e funcionamento do centro privado Forhermo de Santiago de Compostela (A Coruña), para impartilo ciclo formativo de grao medio de perruquería.

Tendo en conta que o expediente foi tramitado pola delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Coruña, que o remite cos informes correspondentes.

Vistos a Lei 1/1990, do 3 de outubro (BOE do 4 de outubro), de ordenación xeral do sistema educativo; a Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación (BOE do 24 de decembro); o Real decreto 1004/1991, do 14 de xuño (BOE do 26 de xuño), polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que imparten ensinanzas de réxime xeral non universitarias; o Real decreto 777/1998 (BOE do 8 de maio) polo que se desenvolven determinados aspectos da ordenación da formación profesional no ámbito do sistema educativo; a Orde do 21 de decembro de 1999 (DOG do 31 de xaneiro de 2000) pola que se regulan determinados aspectos relativos á autorización de centros privados exclusivos de formación profesional específica na Comunidade Autónoma de Galicia; o Decreto 296/1999 (DOG do 18 de novembro) polo que se desenvolven determinados aspectos dos currículos dos ciclos formativos de formación profesional específica na Comunidade Autónoma de Galicia; o Decreto 133/1995, do 10 de maio (DOG do 22 de maio), sobre autorización de centros docentes privados para impartir ensinanzas de réxime xeral non universitarias e a Orde do 20 de setembro de 1995 (DOG do 15 de decembro) que desenvolve o antedito decreto.

Considerando que concorren no expediente os requisitos esixidos nas disposicións vixentes para poder acceder ó solicitado.

Esta consellería, por proposta da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa

DISPÓN:

Primeiro.-Autoriza-la apertura e funcionamento do centro privado Forhermo de Santiago de Compostela (A Coruña), para impartir-lo ciclo formativo de grao medio de perruquería, segundo se especifica no anexo desta orde.

Segundo.-Para as ensinanzas que se autorizan, a delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, despois do informe da Inspección Educativa, aprobará expresamente a relación de persoal que impartirá docencia no devandito centro, así como o equipamento adecuado.

Terceiro.-Queda o centro obrigado ó cumprimento da lexislación vixente e a solicita-la oportuna revisión cando teña que modificarse calquera dos datos que sinala a presente orde.

Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 4/1999 (BOE do 14 de xaneiro), de modificación da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso

contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2003.

Celso Currás Fernández

Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO

Provincia: A Coruña.

Concello: Santiago de Compostela.

Localidade: Santiago de Compostela.

Enderezo: r/ Sánchez Freire nº 58, baixo.

Código do centro: 15032340.

Denominación: centro privado Forhermo.

Titular: Manuela Hermo Patiño.

Ensinanzas que se autorizan:

Familia profesional: imaxe persoal.

1 ciclo formativo de grao medio de perruquería (2 unidades para 20 alumnos/unidade).

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 19 de xullo de 2005 pola que se autoriza o centro privado Forhermo de Santiago de Compostela (A Coruña) para impartir o ciclo formativo de grao medio de estética persoal decorativa e o ciclo formativo de grao superior de estética.

Examinado o expediente presentado polo centro privado Forhermo de Santiago de Compostela no que solicita autorización para impartir un ciclo formativo de grao medio de estética persoal decorativa en quenda de tarde-noite e un ciclo formativo de grao superior de estética.

Tendo en conta que o expediente foi tramitado pola delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Coruña, que o remite cos informes correspondentes.

Vistos a Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro (BOE do 4 de outubro), de ordenación xeral do sistema educativo; a Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación (BOE do 24 de decembro); o Real decreto 1537/2003, do 5 de decembro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan ensinanzas escolares de réxime xeral (BOE do 10 de decembro); o Real decreto 777/1998 (BOE do 8 de maio) polo que se desenvolven determinados aspectos da ordenación da formación profesional no ámbito do sistema educativo; a Orde do 21 de decembro de 1999 (DOG do 31 de xaneiro de 2000) pola que se regulan determinados aspectos relativos a autorización de centros privados exclusivos de formación profesional específica; o Decreto 296/1999 (DOG do 18 de novembro) polo que se desenvolven determinados aspectos dos currículos dos ciclos formativos de formación profesional específica na Comunidade Autónoma de Galicia; o Decreto 133/1995, do 10 de maio (DOG do 22 de maio), sobre autorización de centros docentes privados para impartir ensinanzas de réxime xeral non universitarias e a Orde do 20 de setembro de 1995 (DOG do 15 de decembro) que o desenvolve.

Esta consellería, por proposta da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa,

DISPÓN:

Primeiro.-Autorizar o centro privado Forhermo de Santiago de Compostela para impartir o ciclo formativo de grao medio de estética persoal decorativa, en quenda de tarde-noite, e o ciclo formativo de grao superior de estética, quedando a composición resultante segundo se especifica no anexo desta orde.

Segundo.-Antes da posta en funcionamento das ensinanzas que se autorizan, a delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, despois do informe da Inspección Educativa, aprobará expresamente a relación de persoal que impartirá docencia no devandito centro, así como o equipamento adecuado.

Terceiro.-Queda o centro obrigado ao cumprimento da lexislación vixente e a solicitar a oportuna revisión cando teña que modificarse calquera dos datos que sinala esta orde.

Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 4/1999 (BOE do 14 de xaneiro), de modificación da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso

contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2005.

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO

Provincia: A Coruña.

Localidade: Santiago de Compostela.

Concello: Santiago de Compostela.

Enderezo: rúa Sánchez Freire nº 58-baixo.

Código do centro: 15032340.

Denominación: centro privado Forhermo.

Titular: Manuela Hermo Patiño.

Composición resultante:

Familia profesional: imaxe persoal.

1 ciclo formativo de grao medio de perrucaría (2 unidades para 20 alumnos/unidade).

1 ciclo formativo de grao superior de estética (2 unidades para 20 alumnos/unidade).

1 ciclo formativo de grao medio de estética persoal decorativa (1 unidade para 20 alumnos) en quenda de tarde-noite.